

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



María del Buey Cañas,
Sofía Pérez Baeza



UNA GUÍA PARA LA ALFABETIZACIÓN ECOSOCIAL: PAZ, DECRECIMIENTO Y SUSTENTABILIDAD PARA UN MUNDO POSFOSILISTA. Fundación Cultura de paz, 2023.

O obxectivo desta guía é abordar a alfabetización ecosocial como ferramenta de construción da paz. Para iso, abórdase a crise de maneira integral, analizando o seu carácter capitalista, industrial e fosilista. Cun coñecemento profundo que poida servir de punto de partida desde o que expor alternativas xustas para a vida.

Descárgao en



<https://acortar.link/7pEJhh>

SUPERPODERES PARA UN MUNDO MEJOR: UNA HERRAMIENTA LÚDICO-PEDAGÓGICA SOBRE ALIMENTACIÓN PARA EL ESPACIO ESCOLAR DEL MEDIO DÍA. Justicia Alimentaria, Hegoa, 2022

Con este libro preténdese dotar ao persoal de sala do comedor e o espazo do mediodía dunha batería de recursos educativos lúdicos. Para poder concienciar dunha maneira amena e divertida ao alumnado que asista a este servizo, potenciando a educación en hábitos de vida saudables e a súa vinculación coa produción de alimentos sans e seguros para o planeta.



Rocío Alberola Alcolea

Descárgao en



<https://acortar.link/iy0gS0>

Ismael
Pliego
Reina



CAMBIO CLIMÁTICO: PROYECTO CURRICULAR GLOBALIZA. Aljibe, 2022.

Trátase dun programa educativo que pretende facilitar ao profesorado a implementación da educación global nas escolas, formando ao alumnado como cidadáns globais para que sexan capaces de entender e afrontar os novos desafíos do século XXI. Estas temáticas globais abórdanse de modo interdisciplinar e mediante un innovador modelo didáctico. Esta primeira entrega dedícase a unha das principais problemáticas ás que nos enfrontamos actualmente: o cambio climático.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Universitarias: [Santiago](#)

TALLER DE RECICLAJE. MTM, 2018.

O libro presenta oito talleres creativos para fabricar bonitos obxectos a partir de material reciclado. Entre París e Nova York, os autores, deseñaron unha serie de actividades fáciles de realizar explicadas en tres pasos. En cada actividade propoñen varias opcións para ter unha chea de ideas. Unha obra innovadora para actividades creativas a partir de 5 anos.



Marie-Laurie
Pham-Bouvens,
Steffi
Brocoli

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas: [Pontevedra](#)



CSIC



CALENDARIO CIENTÍFICO ESCOLAR 2024.

Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2024.

Co fin de achegar a cultura científica á poboación máis nova, xurde este calendario que inclúe aniversarios científicos para cada día do ano, moitas delas vinculadas ao ámbito do medio ambiente e a conservación da natureza. Acompáñase de propostas con actividades adaptables a diferentes asignaturas e niveis da educación reglada e non reglada. Iniciativa de divulgación gañadora do I Premio CSIC de Divulgación e Comunicación Científica na categoría de Obra Unitaria.


Descárgao en



<https://bit.ly/48ZQsfT>

XELA A SUPERHEROÍNA DA ALDEA. Inma Soto, 2023.

Xela é a protagonista deste conto que nos mostra os beneficios de vivir na aldea. Pon en valor os recursos que existen no noso territorio e quere que todas as nenas e nenos sintan fachenda do seu patrimonio natural e cultural. Na aldea hai unha chea de aventuras desexando ser vividas. Só temos que calzar as botas, explorar a natureza que nos rodea e coidala sempre.



Inma Soto,
Clara Cerviño(il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Bueu](#), [Ourense](#), [Santiago](#), [Sober](#), [Vilalba](#)

Alex
Nogués,
Laura
Mayashiro
(il.)



SOY UN BOSQUE. Savanna Books, 2022.

Pódese falar de ecosistemas falando de orcas, salmóns, osos, ríos e bosques? Este é o reto que o autor plantexa neste libro informativo, un álbum ilustrado sobre os ecosistemas e a nosa conexión coa natureza que non parece un libro explicativo. Unha lectura que recolle a historia da Terra, coma se fose un relato, porque a cultura cambia a través das historias que contamos. As divertidas ilustracións que o acompañan reforzan a idea de aprender conceptos de ecoloxía a través da arte, como vehículo para o cambio.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

BASURA: TODO SOBRE LA COSA MÁS MOLESTA DEL MUNDO. Lóquez, 2019.

Un libro ilustrado para amosar aos nenos e nenas onde vai o lixo e como podemos cambiar as cousas reciclando e xerando menos residuos. Para comprometerlos co medio ambiente, animando a alongar a vida útil de todo o que utilizamos. porque hoxe en día hai demasiadas cousas de usar e tirar. Podemos cambiar as cousas, comezando por nós mesmos con accións individuais.



Gerda
Raist

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Moaña, Porriño, Ourense, Pontevedra...](#)




Xerardo
Quintiá,
Nuria
Díaz (il.)



O CORAZÓN DOS PAXAROS. Xerais, 2023.

Unha historia de amor polos animais que conxuga humor e compromiso ecoloxista, unha alegación contra a caza. Unha historia que abala entre o divertimento e o compromiso na que, a través do humor, a poesía e a musicalidade dos xogos de palabras, pretende poñer de manifesto a importancia dos animais e a necesidade dun cambio profundo na nosa relación con eles.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Catoira, Neda, Malpica, Santiago, Taboada...](#)

VEO VEO, ¿QUÉ VES? UN LIBRO QUE DESAFÍA LA IMAGINACIÓN. Libros del Zorro Rojo, 2023.

Un paseo pola natureza pode servir para iniciar unha sesión de adiviñas. Tras as árbores, entre a area da praia, nese buraco que ves na ladeira da montaña, hai vida, movemento, cousas que pasan a cada segundo. Os autores convidannos a facer ese percorrido xuntos para intuír que pode ocorrer en cada lugar e coñecer mediante sinxelas análises procesos e dinámicas que manteñen vivo o noso ecosistema.



Raphäel
Martin,
Claire
Schvartz(il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS
PARA TODA A
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>